

ACTA NÚM. 16 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:33 horas** do día **21 de decembro de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Ampliación dos usos dotacionais autorizados nas reservas de equipamento docente DEM-13 e DP-2/DI-2 do plan parcial de ordenación do SUP-6. Santa Marta.**
- 4. Aprobación inicial da modificación puntual do catálogo do PXOM: corrección de erros na ficha D-061 (casa en Lavacolla). Creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d).**
- 5. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a actuación do concello para garantir o avance na consecución da nova estación depuradora de augas residuais no Souto.**
- 6. Proposición do BNG, para a eliminación de eucaliptos próximos a núcleos de poboación, canles fluviais e rede viaria, ademais de crear unha liña de axudas para plantacións de frondosas caducifolias.**
- 7. Proposición do grupo municipal Socialista, pola mellora integral do barrio de Pontepedriña: axudas á rehabilitación, accesibilidade e aforro enerxético nas vivendas.**
- 8. Dar conta de resolución da alcaldía de data 13 de novembro de 2017.**
- 9. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**
- 10. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Rogos:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 5 de decembro de 2017, núm. 366.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de decembro de 2017, núm. 373.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de decembro de 2017, núm. 374.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de decembro de 2017, núm. 380.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de decembro de 2017, núm. 381.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de decembro de 2017, núm. 382.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 5 de decembro de 2017, núm. 367.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de decembro de 2017, núm. 375.
Do grupo municipal Socialista de data 13 de decembro de 2017, núm. 376.
Do grupo municipal Popular de data 13 de decembro de 2017, núm. 379.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de decembro de 2017, núm. 383.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 23 de novembro de 2017, núm. 362.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 23 de novembro de 2017, núm. 363.
Do grupo municipal do BNG de data 14 de decembro de 2017, núm. 387.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de decembro de 2017, núm. 389.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de decembro de 2017, núm. 390.

11. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2017, núm. 361, presentada polo grupo municipal do BNG, para o rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira do Concello de Touro.

Rexistro de entrada do día 28 de novembro de 2017, núm. 364, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para solucionar a situación dunha familia residente na rúa Touro.

Rexistro de entrada do día 11 de decembro de 2017, núm. 368, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, de apoio ao Concello de Madrid ante a intervención financeira do Ministerio de Facenda.

Rexistro de entrada do día 12 de decembro de 2017, núm. 371, presentada polo grupo municipal do BNG, contra a suba das peaxes na AP-9.

Rexistro de entrada do día 13 de decembro de 2017, núm. 377, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre o cumprimento das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación.

Rexistro de entrada do día 13 de decembro de 2017, núm. 378, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para a equiparación salarial entre as diferentes categorías

de persoal sanitario e non sanitario do SERGAS cos restantes servizos autonómicos de saúde.

Rexistro de entrada do día 13 de decembro de 2017, núm. 384 (substituída pola núm.386), presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa da dignificación profesional do servizo de prevención e extinción de incendios.

Previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, inclúense na orde do día da sesión e a continuación do punto número dous, como mocións de urxencia os seguintes asuntos:

a) Data de celebración da sesión plenaria ordinaria de xaneiro de 2018.

b) Fixación da contía para reparto de produtividade.

Antes de entrar a tratar os puntos da orde do día, procédese a gardar un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación proceden a intervir na sesión plenaria, en primeiro lugar, Don Rubén Souto, en representación da Plataforma Veciñal “Mina Touro o Pino non”; en segundo lugar, Don José Suárez Pazos como Presidente da AAVV Sandra Prego Rial; e en terceiro e último lugar intervéñ Don Xosé Beiroa Carreira.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba as actas correspondentes ás sesións ordinaria e extraordinaria dos días 16 e 29 de novembro do corrente ano, respectivamente.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece.

a) DATA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE XANEIRO DE 2018.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda que á sesión plenaria ordinaria de xaneiro de 2018, se celebre o día 17 (mércores) ás 16:30 horas.

b) FIXACIÓN DA CONTÍA PARA REPARTO DE PRODUCTIVIDADE.

A proposta da Alcaldía de data 14 de decembro do corrente, en relación co asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O EMPREGO DO CRÉDITO SOBRANTE NO CAPÍTULO I DO ORZAMENTO MUNICIPAL COA FINALIDADE DE DOTAR CRÉDITO NA APLICACIÓN ADICADA Á PRODUTIVIDADE

No orzamento municipal correspondente ao exercicio 2017 incluíuse unha aplicación para facer fronte ao aboamento do complemento de produtividade dos empregados municipais por importe de 456.280,03 €.

Tanto no acordo regulador das condicións de traballo dos empregados ao servizo do Concello de Santiago de Compostela, como na normativa vixente -fundamentalmente o Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia- a asignación da produtividade está vencellada aos resultados da avaliación do desempeño, sistema este último que -pola súa complexidade técnica de deseño e loxística de implantación- está pendente de desenvolver e implementar.

Tendo en conta esta circunstancia que en modo algún lles é imputable aos empregados municipais- semella convinte recoñecerlles formalmente -a lo menos no eido estritamente retributivo- a súa adicación ao longo deste ano no desenvolvemento das tarefas que teñen encomendadas, nun escenario de escasez de medios persoais e carga de traballo elevada.

Xunto coa aplicación adicada á produtividade, preveuse -no orzamento municipal do exercicio en curso- unha aplicación para cubrir as necesidades do programa de “Acción social” por importe de 450.000,00 € dos que -atendendo á súa execución real ata a data, e á estimación da execución restante de aquí a que remate o ano- se estima que quedarán sen executar 100.000,00 €, polo que -polos motivos expostos- propónse desprazar ese crédito “sobrante” á aplicación de produtividade.

En resumo, propóñolle ao Pleno da Corporación que a aplicación destinada a produtividade acade o total de 556.280,03 €, resultantes de engadir-lles á súa consignación inicial -456.280,03 €- os 100.000,00 € excedentarios da aplicación de “Acción social”. Deste importe total, quedarían dispoñibles de aquí ao remate do ano -tralo traslado do crédito de acción social- 459.581,54 €, integrados polos 100.000,00 € da antedita partida de acción social máis os 359.581,54 € do saldo dispoñible da propia aplicación de produtividade.”

Rematado o debate a vista proposta da alcaldía transcrita, e demais documentación que obra no expediente, máis o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á sesión extraordinaria do día 21 de decembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda que a aplicación destinada a produtividade acade o total de 556.280,03 €, resultantes de engadirlles á súa consignación inicial -456.280,03 €- os 100.000,00 € excedentes da aplicación de “Acción social”. Deste importe total, quedarían dispoñibles de aquí ao remate do ano -tralo traslado do crédito de acción social- 459.581,54 €, integrados polos 100.000,00 € da antedita partida de acción social máis os 359.581,54 € do saldo dispoñible da propia aplicación de produtividade.

3. AMPLIACIÓN DOS USOS DOTACIONAIS AUTORIZADOS NAS RESERVAS DE EQUIPAMENTO DOCENTE DEM-13 E DP-2/DI-2 DO PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN DO SUP-6. SANTA MARTA.

O día 4 de decembro do corrente ano, a xefa de sección de xestión urbanística emitiu informe xurídico que trae o conforme do secretario xeral do pleno, co seguinte contido:

“O Pan parcial do SUP-6 (Santa Marta) establece unha reserva de equipamento docente na peza delimitada polas rúas de Feliciano Barrera Fernández, Julia Minguillón e As Trece Rosas, peza integrada por dúas parcelas, que foron cedidas ao Concello de Santiago na reparcelación do citado plan (aprobada pola Xunta de Goberno o 5 de xullo de 2004):

-Parcela DP-2/DI-2 (Dotacional DOCENTE ENSINO PRIMARIO E INFANTIL), cunha superficie de 5.654 m².

-Parcela DEM-13 (Dotacional DOCENTE ENSINO MEDIO), cunha superficie de 10.430 m².

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión que tivo lugar o día 29 de outubro de 2009, acordou ampliar os usos dotacionais permitidos na citada reserva de equipamento a fin de posibilitar a implantación dun aparcadoiro de superficie de uso público. Segundo indica o acordo plenario, a ampliación *“efectuase por un prazo inicial de CATRO ANOS, prorrogable por un período adicional de DOUS ANOS, ata completar a duración máxima de seis anos”*.

A Xunta de Goberno, mediante acordo adoptado o 19 de xaneiro de 2010, adscribiu temporalmente á empresa municipal TUSSA as citadas parcelas con destino á

implantación e xestión do aparcadoiro. A dita adscrición foi obxecto de prórroga mediante un acordo adoptado pola Xunta de Goberno o 12 de decembro de 2013.

O Consello de administración de TUSSA, en sesión celebrada o 23 de decembro de 2015, aprobou a solicitude de ampliación da adscrición, co obxecto de continuar coa prestación do servizo de estacionamento *“ polo período e coa fórmula de cesión ou adscrición que o Concello estime oportunos ”*

A solicitude vén acompañada dun informe asinado polo director xerente de TUSSA no que se valora positivamente a funcionalidade e servizo público do aparcadoiro existente.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que as áreas de estacionamento público nas zonas de borde e acceso ás cidades se configuran como unha alternativa de mobilidade eficiente e sostible, que facilita o intercambio modal (coche-transporte público) e minimiza o uso do transporte privado no centro urbano.
2. Que os aparcamentos teñen a consideración de dotacións urbanísticas, pertencentes ao sistema de infraestruturas de comunicacións, de conformidade co regulado polo artigo 65 (apartado 4.b.1).2º) do Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG).
3. Que os artigos 42.5 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia* (LSG) e 65.7 do seu Regulamento habilitan ao Pleno Municipal, *por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan*, para acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública (...)

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos a adopción do seguinte ACORDO:

- AMPLIAR OS USOS DOTACIONAIS permitidos nas reservas de equipamento docente DEM-13 e DP-2/DI-2 do Plan parcial do SUP-6 (Santa Marta), a fin de permitir, ademais do docente, o de aparcadoiro de uso público.

O acordo haberá de adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e

Ordenación do Territorio para os efectos de inscribir a citada ampliación de usos no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.”

Á vista do informe xurídico transcrito, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Rural e Servizos correspondente á sesión de data 14 de decembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, polo tanto co quórum da maioría absoluta legal de membros da Corporación, acorda ampliar os usos dotacionais permitidos nas reservas de equipamento docente DEM-13 e DP-2/DI-2 do Plan parcial do SUP-6 (Santa Marta), a fin de permitir, ademais do docente, o de aparcadoiro de uso público.

O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para os efectos de inscribir a citada ampliación de usos no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DO PXOM: CORRECCIÓN DE ERROS NA FICHA D-061 (CASA EN LAVACOLLA). CREACIÓN DAS FICHAS D-061 (A), D-061 (B-C) E D-061 (D).

O informe emitido con data 5 de decembro do corrente ano, pola xefa da sección de xestión urbanística que trae o conforme do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“1. Obxecto e xustificación da Modificación

A Modificación proposta afecta ao Catálogo de bens culturais do PXOM vixente e ten por obxecto:

- Corrixir o erro detectado na ficha de catalogación D-061 (Casa en Lavacolla), en concreto no que atinxe á correcta ubicación ou emprazamento en planos da edificación catalogada.

- Desagregar a ficha de catalogación D-061 en tres fichas independentes -(a) (b-c) e (d), a fin de reflectir de forma separada a protección dos tres conxuntos edificadas na zona (Sabugueira-Lavacolla) que se atopaban incluídos na mesma referencia -D-061- no Catálogo do anterior Plan xeral (PXOU-89).

Logo de analizar a ficha de Catálogo correspondente á referencia D-061, tal e como estaba recollida no Plan xeral do 89 antes da súa revisión, compróbase que baixo aquela referencia se agrupaban varios conxuntos edificadas diferentes situados na parroquia de Sabugueira, na zona da Lavacolla, que se catalogaban cunha única referencia por compartir características similares, e sobre os que se establecía o mesmo grao de

protección. Nesta ficha incluíanse tanto a construción reflectida na fotografía do Catálogo do PXOM vixente, como outra que se sitúa no emprazamento referenciado en planos (S-21), ademais doutras dúas edificacións de características similares situadas no contorno.

Os obxectivos explicitados na memoria do Catálogo do PXOM vixente –que di incorporar os elementos xa catalogados polo anterior- fai pensar que non houbo unha vontade real de descatalogar os citados bens, e que a contradición detectada obedece a un fallo técnico na incorporación dos elementos catalogados polo Plan xeral anterior.

Polo tanto, entendemos que o máis coherente co obxectivo de protección e posta en valor do patrimonio cultural do municipio non é desprotexer as construcións existentes nos diferentes emprazamentos, senón, pola contra, solventar as discrepancias detectadas e integrar correctamente no Catálogo e nos planos de ordenación os elementos que se consideran merecedores de protección, todo isto en consideración ao seu carácter tradicional, a súa vinculación ao Camiño Francés e a súa inclusión no ámbito do Plan especial director deste ámbito (PE-3).

2. Ámbito territorial da Modificación

A modificación afecta ás seguintes parcelas catastrais:

4800401NH4540B0001FL	Lugar da Praza nº 2 (Sabugueira)	061 (a)
4800402NH4540B0000XK	Lugar da Praza nº 3 (Sabugueira)	061 (b)
4800402NH4540B0000IK	Lugar da Praza nº 4 (Sabugueira)	061 (c)
5596603NH4459H0001IK	Lugar de Lavacolla nº 40	061 (d)

3. Avaliación ambiental estratéxica

No ano 2015 o Concello de Santiago remitiu a documentación precisa para iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, xa que naquel momento era este o órgano substantivo e competente para solicitar do órgano ambiental a avaliación ambiental estratéxica.

O secretario xeral de Calidade e Avaliación, mediante resolución do 18 de febreiro de 2016, formulou o INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO, no que se sinalaba a necesidade de cumprimentar as indicacións achegadas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A resultas da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, foi **preciso retrotraer o expediente e formular nova solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica**, para a súa tramitación consonte ao esixido no apartado 4 do

precitado artigo 60. Para tal fin, previo acordo adoptado polo Pleno Municipal o día 27 de abril de 2017, remitiuse ao órgano ambiental nova solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador do Plan.

A medio de Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental de data 27 de setembro de 2017 -publicada no Diario Oficial de Galicia o día 9 de novembro- formulouse o **INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO**. Neste informe reflíctese o resultado do trámite de participación e de consultas, con referencia aos informes favorables emitidos pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, polo Instituto de Estudos do Territorio e pola Dirección Xeral de Pesca e Acuicultura.

Polo que atinxe ao **informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, esta dá por reproducidas as observacións e suxestións formuladas no informe anterior, de data 22 de xaneiro de 2016, do que procede subliñar o seguinte:

a) Considérase axeitado xerar tres novas fichas de maneira que se protexa independentemente cada un dos bens identificados, se ben advirten que *o contido das fichas do catálogo é en moitos casos insuficiente*.

b) En relación co D-061(a), consideran que a delimitación do ben a protexer debería incluír tanto a vivenda como as construcións anexas, o hórreo e as masas arbóreas, polo que habería de protexerse tamén a parcela e os elementos que lle sexan propios, sen os que o ben quedaría descontextualizado.

c) Respecto da vivenda correspondente á ficha D-061 (d) -que fora obxecto dun procedemento xudicial con sentenza que obrigaba á Consellería de Cultura a autorizar a súa demolición-, consideran necesaria a súa catalogación, ao se tratar, dentro do núcleo de Lavacolla, dun *exemplo claro de construción tradicional vinculada aos camiños de acceso aos núcleos de poboación*.

d) As fichas D-061 (b-c) e D-061 (d) sitúan o perímetro do contorno de protección no linde das parcelas catastrais, o cal se empraza moi preto da edificación, polo que non respecta as distancias xenéricas que establece o Decreto 232/2008, polo que debería establecerse unha delimitación en base ao estudo do contorno do ben que siga as pegadas físicas existentes no territorio próximo. Ademais, a ficha D-061 (a) reduce aínda máis o contorno de protección, que se axusta máis ao que debería ser a delimitación do propio ben a protexer.

Á vista das cuestións apuntadas, é preciso considerar que o alcance da presente Modificación limítase a corrixir os erros detectados en canto ao elemento D-061 do Catálogo vixente, emendando as diverxencias observadas e xerando fichas

independentes para os distintos bens; o contido e nivel de concreción das fichas de catalogación é o mesmo que o que resulta do Catálogo vixente, entendendo que calquera outra modificación excede do alcance da presente Modificación puntual, habendo de substanciarse nun procedemento xeral de Revisión e adaptación do Catálogo, ou, en todo caso, no marco do Plan especial de protección PE-3.

É preciso sinalar que os artigos 172 e 174 da normativa do PXOM xa definen o contorno e o alcance da protección dos elementos catalogados, polo que non é preciso efectuar esta delimitación nas fichas de catalogación, xa que a presente Modificación non pretende alterar ou excepcionar o réxime xeral aplicable aos bens catalogados. Nas fichas sinálase o elemento catalogado, pero o contorno e o alcance da protección resulta do que establecen os citados preceptos da normativa do plan xeral.

Con todo, estando os bens afectados no ámbito do Plan especial de protección do Camiño Francés (PE-3), remítese ao citado plan especial a pormenorización das condicións de protección, incluíndo, de ser o caso, a concreción do contorno afectado.

Con fundamento nas anteriores consideracións, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar inicialmente a *Modificación do Catálogo do Plan xeral de ordenación municipal: corrección de erros na ficha D-061 (Casa en Lavacolla) e creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d)*, segundo o documento elaborado pola Sección Municipal de Planeamento en decembro de 2017.

Segundo. Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

- O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.
- A resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 27 de setembro de 2017, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro. En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o **Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e**

Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a **suspensión do outorgamento das licenzas** que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Xa que logo, a vista do informe que ven de transcribirse, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente a súa sesión de 14 de decembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, polotanto co quórum da maioría absoluta legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do Catálogo do Plan xeral de ordenación municipal: corrección de erros na ficha D-061 (casa en Lavacolla) e creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d), segundo o documento elaborado pola Sección Municipal de Planeamento en decembro de 2017.

Segundo: Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

- O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.
- A resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 27 de setembro de 2017, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro: En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A ACTUACIÓN DO CONCELLO PARA GARANTIR O AVANCE NA CONSECUCIÓN DA NOVA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS NO SOUTO.

O día 4 de decembro do corrente ano e número de rexistro 365 o grupo municipal Popular presenta a seguinte proposición:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os grupos con representación no Concello de Santiago temos coincidido na importancia e a urxencia de acometer a nova Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Santiago. A cidade leva varios lustros esperando por esta obra vital para a recuperación ambiental do río Sar, para a saúde das augas e das persoas.

Sen a EDAR, ademais, o Concello seguirá a incumprir a normativa europea de vertidos. Iso fai que adquira un carácter de infraestrutura de alcance comarcal e mesmo galega. Sen dúbida esa urxencia e ese carácter levaron a considerar a súa construción como “de interese xeral do Estado”, comprometendo a colaboración da Administración do Estado e tamén da galega para resolver unha carencia esencial dun servizo que é propiamente municipal, tal e como determina de forma expresa a lexislación vixente.

Despois de unha época de continuas demoras, con vacilacións e incertezas sobre a súa localización, que levaron a perder a oportunidade de acollerse ao financiamento aos fondos europeos 2007-2013, desde hai uns anos déronse pasos firmes na dirección de levar adiante esta obra cun traballo conxunto entre os gobernos central, autonómico e local.

Deste xeito, elaborouse un estudo multicriterio de alternativas que sinalou como axeitado o lugar do Souto e redactouse un anteproxecto que conta coa aprobación da correspondente avaliación ambiental que foi sometida ao obrigado trámite de información pública. Calquera localización dunha infraestrutura coma esta pode comportar algún tipo de afección, pero todo indica que desde todo punto de vista o Souto é o mellor emprazamento posible no termo municipal, aínda máis tendo en conta

a sentenza que anulou o estudo ambiental que se tiña tramitado para a anterior opción fronte á EDAR existente.

A actuación prevista implica a prolongación dun colector interceptor do río Sar ata a nova depuradora que se prevé construír cunha capacidade para 264.000 habitantes, con eliminación de nutrientes por vía biolóxica, tratamento terciario e tratamento de lodos. Uns traballos que tamén implicarán o derribo da actual EDAR e a recuperación ambiental e paisaxística da súa localización actual.

Ata o de agora, a Xunta de Galicia, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, así como o Concello de Santiago de Compostela teñen o compromiso de executar as obras da nova depuradora no Souto a través dun convenio no que se vai concretar a participación de cada Administración. Con ese fin, as tres administracións teñen celebrado varias reunións e contemplado recursos económicos nos respectivos orzamentos.

Recentemente, a raíz da noticia da admisión a trámite dun recurso contencioso-administrativo contra a localización da EDAR, a postura do Goberno municipal semella ter mudado respecto da construción desta infraestrutura, razón pola que –tendo en conta a urxencia desta instalación, a posibilidade de perder o financiamento preciso para a súa construción e a necesidade de clarificar a postura da Corporación ao respecto- o Grupo Municipal do Partido Popular presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Que realice as xestións oportunas para garantir a personación da Administración local no procedemento que se poida seguir logo da admisión do recurso contra o proxecto de construción da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Santiago de Compostela, coa finalidade de defender os pasos dados para facer realidade o irrenunciable interese municipal de dispoñer dun equipamento imprescindible para a protección ambiental do termo municipal e da conca fluvial do río Sar.
2. Que inste ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e á Xunta de Galicia a impulsar as accións necesarias para seguir avanzando na consecución da EDAR que Santiago necesita e ten comprometida como obra de interese xeral do Estado.
3. Que inste ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a que na redacción do proxecto definitivo mellore a integración ambiental da instalación e garanta as medidas para minimizar de xeito adicional o impacto na contorna.

4. Que inste ao referido Ministerio a poñerse a disposición dos concellos de Ames e de Santiago para facilitarlle a información que se considere necesaria sobre os detalles deste proxecto da EDAR, a súa adecuación legal e as vantaxes que comporta para a recuperación da calidade das augas do río Sar.”

Rematado o debate, e tras a petición feita polo grupo municipal Socialista de votación separada por puntos e ao ser aceptada polo portavoz do grupo proponente da proposición transcrita, o Pleno da Corporación:

Por 9 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, 10 votos en contra dos e das concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, e 5 abstencións correspondentes aos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), polo que queda rexeitado o punto primeiro da proposición.

Por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta e 2 abstencións correspondentes ao concelleiro e concelleira do BNG, acorda instar ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e á Xunta de Galicia a impulsar as accións necesarias para seguir avanzando na consecución da EDAR que Santiago necesita e ten comprometida como obra de interese xeral do Estado.

Por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta e 2 abstencións correspondentes ao concelleiro e concelleira do BNG, acorda instar ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a que na redacción do proxecto definitivo mellore a integración ambiental da instalación e garanta as medidas para minimizar de xeito adicional o impacto na contorna.

Por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta e 2 abstencións correspondentes ao concelleiro e concelleira do BNG, acorda instar ao Ministerio a poñerse a disposición dos concellos de Ames e de Santiago para facilitarlle a información que se considere necesaria sobre os detalles deste proxecto da EDAR, a súa adecuación legal e as vantaxes que comporta para a recuperación da calidade das augas do río Sar.

6. PROPOSICIÓN DO BNG, PARA A ELIMINACIÓN DE EUCALIPTOS PRÓXIMOS A NÚCLEOS DE POBOACIÓN, CANLES FLUVIAIS E REDE VIARIA, ADEMAIS DE CREAR UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA PLANTACIÓNS DE FRONDOSAS CADUCIFOLIAS.

Con data 12 de decembro do corrente ano, número de rexistro 370, o grupo municipal do BNG presenta a seguinte proposición:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á eliminación de eucaliptos próximos a núcleos de poboación, canles fluviais e rede viaria, ademais de establecer unha liña de axudas municipais para novas plantacións de frondosas caducifolias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O eucalipto ocupa en Galiza, segundo o último inventario, 425.000 ha, o que supón aproximadamente un terzo da superficie forestal total e un 17% do territorio. Entre 1995 e 2010 duplicouse a superficie ocupada polo eucalipto e desde 2010 seguiu medrando con intensidade cunha esta expansión intensiva que supera amplamente as previsións do Plan Forestal de Galiza. En Santiago de Compostela a superficie arborizada ocupa 10.552 ha, o que representa un 91% da superficie forestal.

O incremento das plantacións de eucalipto nas últimas décadas desenvolveuse en moitos casos a costa da forestación de terras agrarias. O seu aproveitamento intensivo ten como consecuencia un forte impacto negativo paisaxístico e ambiental, ao ameazar a diversidade natural, incrementar a perda de fertilidade do solo e o avance da erosión, provocando perdas económicas directas.

Os ambientalistas apostan por prohibir a plantación de *Eucaliptusnitens*, capaz de colonizar novas zonas pola súa resistencia e consideralo unha especie invasora e tamén por fixar unha moratoria para o *globulus*.

Cómpre tamén a súa eliminación nas marxes de seguridade previstas na normativa de protección e defensa contra os incendios forestais, que aínda non se realizou en moitas zonas de Compostela, e incrementar a superficie doutras especies forestais máis beneficiosas como carballos, castiñeiros, sobreiras e outras frondosas caducifolias.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Concello de Santiago impulsará unha moratoria á expansión do eucalipto até o ano 2030 e a declaración do *Eucalyptus nitens* como especie invasora.

2. Desenvolverá un plan de axudas e de asesoramento para a substitución de eucaliptos por especies arbóreas frondosas caducifolias alí onde sexa posíbel.

3. Estudará medidas fiscais para incentivar a plantación de especies frondosas caducifolias e o aproveitamento multifuncional do monte nos ámbitos social, ambiental e produtivo.

4. Entre as cuestións prioritarias para cumprir a normativa de prevención de incendios forestais, o Concello vixiará e adoptará medidas para manter as marxes de seguridade de 30 metros nos núcleos de poboación libres de plantacións feitas de eucaliptos, mimosas e piñeiros polo risco que supoñen estas especies ao seren de alta combustibilidade. Dos 30 aos 50 metros non pode haber mato e as árbores teñen que estar ben separadas entre si. Nas novas edificacións de uso residencial, comercial, industrial ou servizos, instalacións agrogandeiras ou forestais manterase unha faixa de seguridade de 50 metros, nas mesmas condicións que para as casas illadas.

Aplicará de xeito estrito a lexislación para impedir a forestación con eucalipto en terras agrarias, mediante unha campaña de promoción dos aproveitamentos sustentábeis, a eliminación dos eucaliptos ventureiros e a eliminación desta especie de espazos sensíbeis.

Sobre as infraestruturas; vixiará que eucaliptos e piñeiros (agás o silvestre) estean a máis de 10 metros de autovías, estradas convencionais e vías férreas e a 4 metros o resto de especies. Nas pistas forestais principais: 2 metros frondosas caducifolias, 4 metros eucaliptos e piñeiros (agás o silvestre) con carácter xeral e de 6 metros en zonas de alto risco de lumes.

Nos canles fluviais a distancia debe ser de máis de 2 metros de ancho: dende o límite do dominio público, 5 metros para as frondosas caducifolias e 15 metros eucaliptos e piñeiros.

Na rede viaria, ferroviaria e de distribución de enerxía eléctrica debe xestionarse a biomasa forestal nunha faixa de 5 metros e eliminarse os eucaliptos na zona de dominio público.”

Rematado o debate, despois da solicitude do grupo municipal Popular de votación separada por puntos e tras ser aceptada polo grupo proponente da proposición transcrita, o Pleno da Corporación:

Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE, e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

Que o Concello de Santiago impulse unha moratoria á expansión do eucalipto até o ano 2030 e a declaración do *Eucalyptus nitens* como especie invasora.

Por unanimidade dos concelleiros e concelleiras, acorda:

- Desenvolver un plan de axudas e de asesoramento para a substitución de eucaliptos por especies arbóreas frondosas caducifolias alí onde sexa posíbel.
- Estudar medidas fiscais para incentivar a plantación de especies frondosas caducifolias e o aproveitamento multifuncional do monte nos ámbitos social, ambiental e produtivo.
- Entre as cuestións prioritarias para cumprir a normativa de prevención de incendios forestais, o Concello vixiará e adoptará medidas para manter as marxes de seguridade de 30 metros nos núcleos de poboación libres de plantacións feitas de eucaliptos, mimosas e piñeiros polo risco que supoñen estas especies ao seren de alta combustibilidade. Dos 30 aos 50 metros non pode haber mato e as árbores teñen que estar ben separadas entre si. Nas novas edificacións de uso residencial, comercial, industrial ou servizos, instalacións agrogandeiras ou forestais manterase unha faixa de seguridade de 50 metros, nas mesmas condicións que para as casas illadas.

Aplicar de xeito estrito a lexislación para impedir a forestación con eucalipto en terras agrarias, mediante unha campaña de promoción dos aproveitamentos sustentábeis, a eliminación dos eucaliptos ventureiros e a eliminación desta especie de espazos sensíbeis.

Sobre as infraestruturas; vixiará que eucaliptos e piñeiros (agás o silvestre) estean a máis de 10 metros de autovías, estradas convencionais e vías férreas e a 4 metros o resto de especies. Nas pistas forestais principais: 2 metros frondosas caducifolias, 4 metros eucaliptos e piñeiros (agás o silvestre) con carácter xeral e de 6 metros en zonas de alto risco de lumes.

Nos canles fluviais a distancia debe ser de máis de 2 metros de ancho: dende o límite do dominio público, 5 metros para as frondosas caducifolias e 15 metros eucaliptos e piñeiros.

Na rede viaria, ferroviaria e de distribución de enerxía eléctrica debe xestionarse a biomasa forestal nunha faixa de 5 metros e eliminarse os eucaliptos na zona de dominio público.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, POLA MELLORA INTEGRAL DO BARRIO DE PONTEPEDRIÑA: AXUDAS Á REHABILITACIÓN, ACCESIBILIDADE E AFORRO ENERXÉTICO NAS VIVENDAS.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 12 de decembro do corrente ano e número de rexistro 372, ten o seguinte contido:

“O barrio da Pontepedriña presenta un parque de vivendas que se retrotrae aos anos 50 do século pasado. Estes edificios non contan con ascensor e moitos deles contan con importantes barreiras arquitectónicas e manifesta falta de mantemento que dificulta a habitabilidade nunhas condicións mínimas, a todo isto debemos engadir a falta de atención a este barrio en canto a limpeza, asfaltado, reposición de mobiliario urbano, mantemento do espazo polideportivo, etc.

Estas vivendas están habitadas maioritariamente por propietarios cunha media de idade elevada, con dificultades para a accesibilidade e con ingresos baixos, insuficientes para abordar o gasto económico que supón a instalación de ascensores, ramplas ou outras actuacións que permitan aos nosos veciños maiores entrar e saír das súas vivendas.

A xente debe poder vivir nas súas casas e nos seus barrios con calidade de vida, non nunha situación de illamento, pechados nas súas propias casas.

Tendo en conta que o 50% aproximadamente das vivendas son propiedade da Xunta de Galicia, e por tanto os veciños viven en réxime de aluguer, e que o outro 50% son propietarios con dificultades económicas, os edificios padecen do mantemento axeitado para o uso e disfrute das mesmas, consecuentemente nos últimos días desprendéronse fachadas laterais de dous bloques de vivendas e ameazan con desprenderse unha porcentaxe importante dos demais bloques. É necesario que o goberno aborde polo procedemento de emerxencia (porque o é) a rehabilitación das mencionadas fachadas.

En 2008, aprobouse unha Área de Rehabilitación Integral (ARI) para as vivendas do grupo Cardenal Quiroga no barrio da Pontepedriña. Desde entón non houbo avances no referente á convocatoria de axudas e á cobertura para a rehabilitación das vivendas e mellora da accesibilidade para partir do 35% de axuda proposta pola ARI. É necesario que o Concello busque financiamento alternativo para aquela veciñanza que non pode cubrir o devandito diferencial polos seus escasos ingresos familiares e, por tanto, facilitar a cobertura dos mesmos ata o 100% do custe.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

Primeiro.- Que o goberno estude a través dun procedemento de emerxencia proceder á rehabilitación das fachadas desprendidas, ou en risco de desprendemento, no grupo de vivendas Cardenal Quiroga, posto que existe risco non só para os usuarios das vivendas senón tamén para os viandantes que cada día transitan por esas rúas.

Segundo.- Que se faga pública a convocatoria de subvencións pertencentes á Área de Rehabilitación Integral (ARI) aprobada para ese ámbito de Pontepedriña, axudas para a execución das seguintes obras:

- 1.- Accesibilidade: instalación de ascensor, salva-escaleiras, construción de ramplas ou calquera outra solución que mellore a accesibilidade ás vivendas.
- 2.- Accesibilidade no interior das vivendas para mellorar a calidade de vida das persoas con mobilidade reducida: pratos de ducha, cambio de portas para accesos de cadeiras de rodas, agarraderos, etc.
- 3.- Conservación: reparacións de elementos comúns deteriorados (fachadas, cubertas, instalacións)
- 4.- Eficiencia enerxética: Illamento térmico das fachadas e cubertas, substitución de xanelas, substitución de equipos de climatización (caldeiras, etc.). En xeral, trátase de medidas de mellora do benestar interior (manter unha temperatura adecuada tanto no inverno como no verán) e reducir ao mínimo o consumo de enerxía.

Terceiro.- Que as axudas alcancen ata o 100% dos gastos en función da situación económica dos veciños.

Cuarto.- Que se efectúe unha convocatoria específica de axudas para as comunidades que realizasen obras obxecto da convocatoria desde a aprobación do ARI ata a data.

Quinto.- Que por parte do goberno municipal apróbase o orzamento correspondente á convocatoria anual de 2018 e que se expoña a modificación orzamentaria correspondente, para a convocatoria dos anos previos sen convocatoria de axudas, ao Pleno Municipal na que os grupos municipais comprométense á aprobación da devandita modificación orzamentaria.

Sexto.- O Concello de Santiago de Compostela dará prioridade á tramitación das licenzas de obras para as obras contempladas na devandita proposición, destinando para o efecto o persoal técnico necesario que asesore e informe ás Comunidades de Veciñas/os que pretendan realizar as obras mencionadas.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación e unha vez aceptada a emenda feita “in voce” polo BNG, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Que o goberno estude a través dun procedemento de emerxencia proceder á rehabilitación das fachadas desprendidas, ou en risco de desprendemento, no grupo de vivendas Cardenal Quiroga, posto que existe risco non só para os usuarios das vivendas senón tamén para os viandantes que cada día transitan por esas rúas.

Segundo.- Que se faga pública a convocatoria de subvencións pertencentes á Área de Rehabilitación Integral (ARI) aprobada para ese ámbito de Pontepedriña, axudas para a execución das seguintes obras:

- 1.- Accesibilidade: instalación de ascensor, salva-escaleiras, construción de ramplas ou calquera outra solución que mellore a accesibilidade ás vivendas.
- 2.- Accesibilidade no interior das vivendas para mellorar a calidade de vida das persoas con mobilidade reducida: pratos de ducha, cambio de portas para accesos de cadeiras de rodas, agarraderos, etc.
- 3.- Conservación: reparacións de elementos comúns deteriorados (fachadas, cubertas, instalacións)
- 4.- Eficiencia enerxética: Illamento térmico das fachadas e cubertas, substitución de xanelas, substitución de equipos de climatización (caldeiras, etc.). En xeral, trátase de medidas de mellora do benestar interior (manter unha temperatura adecuada tanto no inverno como no verán) e reducir ao mínimo o consumo de enerxía.

Terceiro.- Que as axudas alcancen ata o 100% dos gastos en función da situación económica dos veciños en todas as ARIS.

Cuarto.- Que se efectúe unha convocatoria específica de axudas para as comunidades que realizasen obras obxecto da convocatoria desde a aprobación do ARI ata a data.

Quinto.- Que por parte do goberno municipal se aprobe o orzamento correspondente á convocatoria anual de 2018 e que se expoña a modificación orzamentaria correspondente, para a convocatoria dos anos previos sen convocatoria de axudas, ao

Pleno Municipal na que os grupos municipais comprométense á aprobación da devandita modificación orzamentaria.

Sexto.- O Concello de Santiago de Compostela dará prioridade á tramitación das licenzas de obras para as obras en todas as ARIS, destinando para o efecto o persoal técnico necesario que asesore e informe ás Comunidades de Veciñas/os que pretendan realizar as obras mencionadas.

Tras rematar a votación do presente punto, faise un receso cando son as 18:42 horas e retómase a sesión ás 18:57 horas.

8. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 13 DE NOVIEMBRE DE 2017.

Dáse conta da resolución da alcaldía de data 13 de novembro do corrente ano, que ten o seguinte contido:

“En exercicio da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (B.O.P. 6 de marzo de 2012).

RESOLVO:

Primeiro: Nomear Delegada desta Alcaldía coas facultades de dirección e xestión do servizo do Parque Móbil, á concelleira dona MARÍA ROZAS PÉREZ.

Segundo: A delegación da Alcaldía inclúe, de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as seguintes competencias: Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos ou concellarías respectivas.

Autorizar as actuacións correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.

Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos en aras a conseguir a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicable.

Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.

Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.

Cada concelleiro/a terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas polos/as concelleiros/as, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.

Delegar nos/as concelleiros/as das respectivas concellarías as facultades de representación desta alcaldía para a petición, tramitación e aceptación das subvencións convocadas por persoas xurídicas públicas ou privadas. Esta delegación non afecta ás competencias que nesta materia poidan estar atribuídas á Xunta de Goberno Local ou a outros órganos municipais.

Delégase así mesmo a competencia da potestade sancionadora que poida corresponder a esta alcaldía nos concelleiros/as dentro do ámbito material das súas competencias.

A delegación de competencias comprenderá a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Terceiro: Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas, do período comprendido entre o 24 de outubro ao 23 de novembro de 2017 (núms. 6747 ao 7796).

Así mesmo, dáse contas das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta sesión ordinaria do día 3 de novembro de 2017 (Núm. 77).

Acta sesión ordinaria do día 10 de novembro de 2017 (Núm. 78).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 13 de novembro de 2017 (Núm. 79).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 13 de novembro de 2017 (Núm. 80).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 14 de novembro de 2017 (Núm. 81).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 15 de novembro de 2017 (Núm. 82).
Acta sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2017 (Núm. 83).
Acta sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2017 (Núm. 84).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 30 de novembro de 2017 (Núm. 85).
Acta sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2017 (Núm. 86).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 4 de decembro de 2017 (Núm. 87).

10. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 5 de decembro de 2017, núm. 366.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de decembro de 2017, núm. 373.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de decembro de 2017, núm. 374.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de decembro de 2017, núm. 380.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de decembro de 2017, núm. 381.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de decembro de 2017, núm. 382.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 5 de decembro de 2017, núm. 367.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de decembro de 2017, núm. 375.
Do grupo municipal Socialista de data 13 de decembro de 2017, núm. 376.
Do grupo municipal Popular de data 13 de decembro de 2017, núm. 379.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de decembro de 2017, núm. 383.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 23 de novembro de 2017, núm. 362.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 23 de novembro de 2017, núm. 363.
Do grupo municipal do BNG de data 14 de decembro de 2017, núm. 387.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de decembro de 2017, núm. 389.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de decembro de 2017, núm. 390.

11. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2017, núm. 361, presentada polo grupo municipal do BNG, para o rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira do Concello de Touro.

Rexistro de entrada do día 28 de novembro de 2017, núm. 364, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para solucionar a situación dunha familia residente na rúa Touro.

Rexistro de entrada do día 11 de decembro de 2017, núm. 368, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, de apoio ao Concello de Madrid ante a intervención financeira do Ministerio de Facenda.

Rexistro de entrada do día 12 de decembro de 2017, núm. 371, presentada polo grupo municipal do BNG, contra a suba das peaxes na AP-9.

Rexistro de entrada do día 13 de decembro de 2017, núm. 377, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre o cumprimento das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación.

Rexistro de entrada do día 13 de decembro de 2017, núm. 378, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para a equiparación salarial entre as diferentes categorías de persoal sanitario e non sanitario do SERGAS cos restantes servizos autonómicos de saúde.

Rexistro de entrada do día 13 de decembro de 2017, núm. 384 (substituída pola núm.386), presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa da dignificación profesional do servizo de prevención e extinción de incendios.

Os textos das mocións presentadas, son as que se transcriben:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA O REXEITAMENTO AO PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA NO CONCELLO DE TOURO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira no Concello de Touro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados do ano 1986 (nas mesmas cortas) máis novos xacemento colindantes con estes, dentro dunha concesión máis ampla que abarca o concello de norte a sur nunha extensión superior a 2.000Has.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha. Dos cales só o 30% son terreos xa afectados pola explotación anterior.

Vai a afectar acase 500 Has. de terreos agrícolas e forestais que son a base productiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos á explotación.

Xunto as catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para as actuais e futuras actividades agrogandeiras ou forestais.

Trátase dun proxecto con impactos tan severos que imposibilitan, na práctica, o mínimo respecto medioambiental requirido e que podemos resumir sinteticamente en tres aspectos.

- Impacto medioambiental. A magnitude da explotación, e pese a todas as medidas previstas, fai imposible a compatibilización da actividade co mínimo respecto medioambiental: Eliminación de mananciais de captación de auga para consumo doméstico, afectación ás augas subterráneas e superficiais, aos ríos e ao propio Ulla, construción dun enorme depósito de residuos altamente contaminante fronte ao núcleo de Arinteiro, impacto paisaxístico con entulleiras a unha altitude moi superior á actual do terreo, etc.

- Impacto na saúde. Os metais pesados son elementos moi perigosos para a saúde. A contaminación das augas por estes metais característicos de toda actividade mineira é un facto de risco moi elevado ao que estará sometida toda a poboación do entorno. Ademais o ruído ininterrompido, as vibracións polas voaduras e a emisión de po nas mesmas, no movemento de terras e no seu traslado serán outros factores que incidirán negativamente na saúde da poboación.

- Impacto económico: Unha actividade mineira desta envergadura elimina explotacións gandeiras ao desaparecerlle a súa base territorial, reduce a produción hortícola e frutícola, é un freo a moitos proxectos de investimento que se están levando a cabo no sector agrogandeiro e é unha hipoteca para calquera desenvolvemento das actividades de transformación relacionadas con este sector. A minería prevista non vai crear ningún tecido productivo na zona, tan só unha pequena xeración de postos de traballo temporais e de baixa cualificación que en absoluto compensan, nin de lonxe, todo o dano que, ese si, será para sempre. É un tipo de minería propia do século XIX consistente en extraer un recurso para favorecer exclusivamente empresas foráneas e deixar aquí a contaminación.

A propia alegación xunto co informe urbanístico presentados polo concello deixan constancia das grandes afectación que supón, recoñecendo implicitamente o seu enorme impacto negativo e supondo na práctica unha emenda á totalidade da postura inicial do grupo de goberno favorable a súa reapertura.

Estamos por tanto ante un proxecto con un impacto ambiental inasumíbel, un impacto sobre a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social que xera unha forte alarma e rexeitamento.

Este é un problema de carácter supramunicipal que afecta primeiro aos veciños de Touro pero tamén a todos os Concellos da contorna. No caso do noso Concello de Compostela a posíbel afectación destas instalacións ao Camiño de Santiago ao que sometera a un impacto sonoro e visual e tamén pode existir posíbeis afeccións coa prospección que xa están previstas nos límites co Concello de Santiago a altura da Susana na parroquia do Eixo.

Por todo o exposto solicítase ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Trasladar á Xunta de Galicia o rexeitamento da corporación a este proxecto.
2. Solicitar ao goberno galego a denegación da reapertura da actividade mineira.
3. Demandar á Xunta de Galicia que obrigue ao titular da concesión á restauración dos solos e das augas, subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA SOLUCIONAR A SITUACIÓN DUNHA FAMILIA RESIDENTE NA RÚA TOURO

O grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O departamento de Servizos Sociais do concello de Santiago é perfecto coñecedor do grave problema que vive unha familia da rúa Touro -que conta dende hai décadas cunha vivenda de promoción pública facilitada no seu día pola Xunta de Galicia-, e tamén é consciente de que a súa situación xera tamén graves consecuencias na súa propia contorna veciñal.

Malia todas as actuacións levadas a cabo durante anos para reconducir a grave situación xerada, o problema mantense e, xa que logo, se intensifican os inconvenientes para terceiras persoas.

O departamento de Servizos Sociais do Concello é consciente dese grave prexuízo para a comunidade veciñal, como é consciente tamén de que a Xunta de Galicia debe velar polos dereitos deses veciños e non pode deixar de aplicar a Lei de Vivenda de Galicia, a Lei de Propiedade Horizontal ou a Lei de Arrendamentos urbanos, leis, todas elas, que lle impoñen á Xunta á necesidade de actuar a fin de salvagardar as normas de convivencia e os dereitos de terceiras persoas, pois a Xunta ten claro que os dereitos do

conxunto dos veciños das vivendas de promoción pública son tan dignos de protección como os do resto dos veciños das vivendas do mercado libre.

A maiores, o 16 de outubro deste ano, a propia concelleira de Servizos Sociais, Dona Concha Fernández, contemplou a posibilidade do desafiuzamento se se lle ofrecese á unidade de convivencia unha alternativa real de aloxamento dende o Instituto Galego de Vivenda e Solo. Atendendo ao escrito da concelleira, nun exercicio responsable das súas competencias, o IGVS venlle de ofrecer ao Concello varias alternativas de aloxamento para a referida familia: o denominado bono alugueiro, o programa Rehaluga, ou, incluso, a posibilidade de colaborar co concello na adecuación dun inmovible que se axuste ás necesidades desta familia facilitando así o seu realoxo do xeito que os servizos sociais comunitarios do concello consideren que se adapte mellor ás características familiares e de convivencia destas persoas.

Á vista do anterior, o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración do Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano de goberno a que, en colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo e antes de que se adopte ningunha outra medida, se decida e materialice á maior brevidade unha das alternativas ofrecidas para facer posible o realoxo da referida unidade familiar e garantir así unha axeitada solución habitacional.

A moción rexistrada co número 368, presentada o día 11 de decembro do corrente ano polo grupo municipal de Compostela Aberta foi retirada por solicitude do grupo propoñente.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, CONTRA A SUBA DE PEAXES NA AP-9

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á suba das peaxes na autoestrada AP-9 que repercutirá de xeito negativo na economía local de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Estado, a través do Ministerio de Fomento, acaba de autorizar a Audasa unha subida extraordinaria durante os próximos 3 anos do 3,8% para todos os tramos da AP-9, e que vén representar o dobre do IPC. Este incremento repercutirá de xeito negativo na economía local de Compostela, porque hai milleiros de veciños e veciñas que se desprazan a diario a Vigo, Pontevedra e A Coruña por motivos de traballo.

A privatización da AP-9 no 2003 está a significar grandes incrementos das peaxes nunha infraestrutura que está en mans dun fondo especulativo norteamericano e que goza dunha concesión ampliada até o ano 2048 baixo o Goberno do PP presidido Aznar.

Unha explotación que outorga grandes beneficios económicos por unha infraestrutura xa amortizada, como demostran os multimillonarios beneficios da empresa concesionaria. Beneficios que nin sequera repercuten na mellora do servizo. Non se mellorou a iluminación nin o asfaltado en moitos tramos e reduciuse drasticamente o persoal das cabinas de pago. Rexistra colas de horas en períodos estivais ou datas sinaladas sen se adoptaren medidas de ningún tipo.

O BNG leva demandando desde fai anos que se tomen medidas para que a AP-9 sexa unha vía de comunicación galega, de competencia do Goberno galego, e de acceso gratuíto para todas as galegas e galegos. Nomeadamente, o BNG presentou iniciativas tanto no Parlamento de Galiza como no Congreso dos Deputados para demandar, entre outras medidas, a súa transferencia á Xunta de Galiza e que se suprimisen as peaxes.

A AP-9 abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas, mais depende do Goberno do Estado que mantén peaxes desorbitadas para as persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Con todos estes precedentes, é necesario que a Xunta de Galiza deixe de mirar para outro lado e asuma as demandas da cidadanía galega. É precisa a supresión das peaxes, melloras na autoestrada, que remate a explotación privada da AP-9 e se converta nunha autoestrada pública e gratuíta de titularidade galega.

O ano pasado, o Parlamento de Galiza, por unanimidade das forzas políticas, aprobou a 'Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza', que foi remitida ao Congreso para a súa tramitación e aprobación final.

O Bloque Nacionalista Galego aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas, os incrementos constantes e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias da AP-9.

Tamén, en febreiro deste ano, aprobouse unha iniciativa do BNG polo que o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento á subida das peaxes na AP-9, instando á Xunta de Galiza a que demande a súa supresión.

2. Instar á Xunta de Galiza a que cumpra os acordos do Parlamento galego e demande do Goberno do Estado:

- A transferencia da AP-9 á administración galega.
- A supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.

3. Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza, presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.

MOCIÓN DO GRUPO DO PSdeG-PSOE DE SANTIAGO SOBRE CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS BÁSICAS DE ACCESIBILIDADE E NON DISCRIMINACIÓN

Accesibilidade universal é a condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible. Presupón a estratexia de «deseño universal ou deseño para todas as persoas», e enténdese sen prexuízo dos axustes razoables que deban adoptarse.

A Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade da ONU recoñece a importancia que para este colectivo reviste a súa autonomía e independencia individual, incluída a liberdade de tomar as súas propias decisións. Tamén sinala a importancia da accesibilidade á contorna física, social, económico e cultural, á saúde e a educación e á información e as comunicacións, para que as persoas con discapacidade poidan gozar plenamente de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

A disposición adicional terceira do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, regula os supostos e prazos máximos de exigibilidade das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación. O prazo que se establecía para espazos, produtos e servizos, xa se cumpriu para aqueles que fosen de nova creación. O prazo aplicable aos existentes, finaliza o 4 de decembro de 2017. Nesa data, deberían cumprirse as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación no acceso e utilización de:

- Espazos públicos urbanizados e edificacións.
- Medios de transporte.
- Oficinas públicas, dispositivos e servizos de atención ao cidadán e aqueles de participación nos asuntos públicos, incluídos os relativos á Administración de Xustiza e á participación na vida política e os procesos electorais.
- Bens e servizos a disposición do público polas persoas con discapacidade.

En poucos días a reforma local do PP cumpre catro anos e desde entón o goberno do Partido Popular ha recortado competencias e poder municipal deixando ás entidades locais sen recursos para poder levar a cabo o seu papel e compromiso cos cidadáns. Esquece o goberno que son os concellos quen está cumprindo con fartura os seus compromisos de estabilidade orzamentaria, impedíndolles a posibilidade de poder investir en servizos sociais, creación de emprego, políticas públicas..., e, en consecuencia na incapacidade das entidades locais de poder cumprir cos obxectivos de accesibilidade.

Alcanzar a data do 4 de decembro de 2017 cun aceptable grao de cumprimento das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación requiriría traballo e esforzo orzamentario. O Goberno de España non planificou adecuadamente as actuacións necesarias e tampouco realizou ningún esforzo económico. O resultado de todo iso é que nin os espazos públicos urbanizados e edificacións, nin os medios de transporte, nin as oficinas públicas, nin os bens e servizos a disposición do público, ofrecen as condicións adecuadas á Convención, a pesar de alcanzarse a data tope establecida para iso.

Por todo o exposto e dada a importancia que o rural representa neste Concello, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción das seguintes **MEDIDAS** necesarias para garantir as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación:

1. Elaborar un calendario que sinala as actuacións que levarán a cabo en cada un dos próximos meses, en todos os ámbitos, para dar cumprimento ás condicións básicas de accesibilidade e non discriminación no acceso e utilización de todos os espazos, produtos e servizos que sexan competencia da Administración Xeral do Estado, co horizonte máximo de 1 ano. O Goberno presentará este calendario ante a Comisión das Políticas Integrais da Discapacidade.

2. Dotar, nos próximos Orzamentos Xerais do Estado, unha partida destinada a financiar as actuacións necesarias para cumprir cos compromisos derivados do devandito calendario.

3. Crear un Fondo estatal de accesibilidade universal polo cal, do orzamento executado en obra pública e infraestruturas e na sociedade da información, un 1% destínese á accesibilidade física e tecnolóxica das administracións públicas.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A EQUIPARACIÓN SALARIAL ENTRE AS DIFERENTES CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO E NON SANITARIO DO SERGAS COS RESTANTES SERVIZOS AUTONÓMICOS DE SAÚDE

O persoal sanitario e non sanitario do SERGAS veñen garantindo, coa súa alta entrega e de forma eficaz, o dereito á protección da saúde recollido no artigo 43 da Constitución española de 1978, encomendando aos poderes públicos a organización e tutela da saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

Ademais, no seu artigo 41, a Constitución establece que os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade. Á súa vez, o título VIII do texto constitucional diseña unha nova organización territorial do Estado que posibilita a asunción polas Comunidades Autónomas de competencias en materia de sanidade, e a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidade, ten como obxectivo primordial establecer a estrutura e o funcionamento do sistema sanitario público no novo modelo político e territorial que deriva da Constitución de 1978. Segundo o seu artigo 1, o seu obxecto consiste na regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde, recoñecido no artigo 43 e concordantes da Constitución.

Debemos por iso reafirmar unha vez máis, o noso recoñecemento e apoio ao labor que desenvolve devandito persoal. A profesionalidade e o valor intrínseco inherente ao desempeño da actividade sanitaria esixen e xustifican que tanto os profesionais sanitarios como os non sanitarios que desempeñan as súas funcións no SERGAS gocen dunhas retribucións dignas e acordes coa dificultade e a achega á saúde dos galegos e as galegas das súas funcións.

Esta profesionalidade reséntese cando o referido persoal advirte de que non existe xustiza retributiva ao exporse graves discriminacións salariais con outros profesionais do noso Sistema Nacional de Saúde, dado que as retribucións deste persoal atópanse por baixo da media das retribucións a nivel do Estado e os distintas CCAA e moi afastadas das retribucións máximas no sistema.

O principio de non discriminación é un principio básico e esencial nas relacións xurídicas coa Administración e foi expresamente recollido pola Directiva 1999/70/CE do Consello, do 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo Marco da CES, a UNICE e a CEEP sobre traballo de duración determinada. Ten especial relevancia, a estes efectos, a sentenza ditada pola Sala terceira do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o 9 de xullo (asunto C-177/14) ao incluír no ámbito de protección da Directiva e Acordo Marco aos funcionarios públicos:

“31. ... a definición a efectos do Acordo Marco do concepto de “traballador con contrato de duración determinada”, formulada na cláusula 3, apartado 1, do devandito Acordo, engloba a todos os traballadores, sen establecer diferenzas en función do carácter público ou privado do empregador para o que traballan e iso, independentemente da cualificación do seu contrato en Dereito interno (sentenza Fiamingo e outros, C-362/13, C-363/13 e C-407/13, EU: C:2014:2044, apartado 29)”.

De conformidade co artigo 4 do Real Decreto 2/2015, as condicións salariais dos empregados e empregadas deben ser acordadas e sen ningún tipo de discriminación. Tanto as mulleres como os homes teñen dereito á igualdade de salarios. A empresa está obrigada a pagar o mesmo salario, tanto en salario base como por complementos salariais polo desempeño dun mesmo traballo ou por un traballo de igual valor.

Ademais, considerando que a situación económica de España mellorou notablemente, cremos necesario que se aborde a equiparación salarial dos profesionais sanitarios e non sanitarios do SERGAS, demanda unánime de devanditos profesionais e que é perfectamente asumible nas contas públicas da Xunta de Galicia nos orzamentos de 2018.

Por todo o exposto e dada a importancia que o rural representa neste Concello, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Expor nos próximos exercicios orzamentarios a progresiva equiparación salarial do persoal sanitario e non sanitario do SERGAS cos profesionais doutros Servizos Autonómicos de Saúde, dando así resposta á unánime demanda que as organizacións sindicais que representan ao persoal sanitario e non sanitario do SERGAS levan máis de dúas décadas expoñendo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA EN DEFENSA DA DIGNIFICACIÓN PROFESIONAL DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

Xan Duro Fernández, concelleiro de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno do Concello de Santiago a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia estrutura de forma coordinada o labor das distintas administracións públicas de Galicia con competencias nestas materias e fixa o ámbito de colaboración da sociedade civil. Entre estas materias está o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e de Salvamento

Na súa disposición adicional terceira relativa a Servizos de prevención e extinción de incendios e de salvamento indica no seu punto 1

“1.- A Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de emerxencias e protección civil, impulsará as accións necesarias para homoxeneizar no prazo de tres anos as prestacións e as condicións de traballo en todo o territorio de Galicia dos servizos de prevención e extinción de incendios e de salvamento aos que se refire o segundo parágrafo da línea 2 deste artigo.”

E no seu punto 3 sinala que:

“3.- No prazo dun ano desde a aprobación desta lei, a Xunta de Galicia, mediante proposta da consellería competente na materia, promoverá a elaboración dun regulamento do bombeiro profesional e do voluntariado.”

A homoxeneización das prestacións e condicións de traballo e a elaboración deste regulamento é fundamental para dotar ao noso país dun servizo de Prevención e Extinción de Incendios moderno, que dea resposta aos novos retos en materia de emerxencias e que articule e poña en valor un pilar fundamental do estado do benestar como este servizo.

Urxe a creación da figura do bombeiro conductorespecialista que permita a reclasificación dos actuais bombeiros-conductores, en coherencia coa realidade do seu traballo.

As actuais plantillas dos servizos de prevención e extinción de incendios caracterízanse pola súa profesionalización e preparación e por cubrir actuacións cada vez máis complexas -afastadas das tarefas que tradicionalmente tiñan atribuídas-. Debemos ter en conta o especial traballo dos membros dos Corpos de Bombeiros no que deben manexar maquinaria e ferramenta técnica e perigosa que está moi por encima do grupo que actualmente ostentan (C2 - auxiliar) e comparables ao manexo de armamento, policía

(C1 - técnico) e oficiais de 1ª (p.ex. xardinaría á hora do manexo de moto serras, radiais e ferramenta similar), e a dominar especialidades profesionais como coñecementos sanitarios, de electricidade, de estruturas, rescates en altura, acuáticos ou subacuáticos, rescates en tráfico, etc.

O Concello de Santiago de Compostela é consciente desta realidade e da consecuente necesidade de regularizar a situación dos seus efectivos de bombeiros, para adaptala ás novas necesidades e demandas da veciñanza, merecedora duns servizos eficientes e profesionalizados.

Cómpre lembrar que esta reclasificación xa se desenvolveu para os corpos da Policía Local na Lei 4/2007 de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais.

Por todo isto, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galicia a que desenvolva por Lei a homoxeinización dos servizos de prevención e extinción de incendios de todas as entidades locais de Galicia e a que redacte o regulamento de bombeiro profesional, creando a figura do bombeiro-conductor especialista -Grupo C, subgrupo C1-, que permita incorporar -á antedita Lei autonómica- a reclasificación dos actuais bombeiros-conductores -subgrupo C2- en bombeiros-conductores especialistas -subgrupo C1-.

EMENDAS PRESENTADAS ÁS MOCIÓN.-

Do BNG, rexistro de entrada do día 12 de decembro de 2017, núm. 369:

EMENDA DE MODIFICACIÓN DA SÚA MOCIÓN SOBRE O REXEITAMENTO AO PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA NO CONCELLO DE TOURO.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do establecido no regulamento, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA MODIFICACIÓN:

Propónse modificar o segundo acordo por:

2. Solicitar ao goberno galego a denegación da reapertura deste proxecto mineiro.

Do Grupo Socialista, rexistro de entrada día 19 de decembro de 2017, núm. 391:

ENMENDA DE SUBSTITUCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA Á MOCIÓN DO BNG PARA O REXEITAMENTO AO PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA NO CONCELLO DE TOURO

O Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación unha enmenda de substitución á moción presentada polo BNG para o rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira no Concello de Touro, para o que propón as seguintes **resolucións**:

“O Concello de Santiago insta á Xunta de Galicia a que teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira *Cobre san Rafael S.L.* no concello de Touro.

1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas polas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (canles perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.
2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.
3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa Autorización de Vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación.
4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.
5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que

todas as medidas ambientais de prevención estean executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.

6. Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.

7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.

8. Incluír un proxecto de medidas ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.

9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.

10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.

11. Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.

12. Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.

13. Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.

14. Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.

15. Incluír un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para previr o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.

16. Incluír a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.

17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.

18. Incluír unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.

19. Incluír unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.

20. Incluír un proxecto de abandono da explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.

21. Incluír un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio informe.

22. Incluír no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avales etc...).

23. Incluír no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

24. Planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o mais doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.”

Do Grupo Socialista, rexistro de entrada día 19 de decembro de 2017, núm. 392:

EMENDA DE ADICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA Á MOCIÓN DO BNG SOBRE A SUBA DE PEAXES NA AP-9

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela propón a seguinte EMENDA DE ADICIÓN á moción presentada polo grupo municipal do BNG contra a suba de peaxes na AP-9:

ENGADIR AOS ACORDOS NO PUNTO 2:

2.3 Recupere a redución das tarifas suprimida polo Real Decreto-lei 20/2012, establecendo unha compensación que a Administración Xeneral do Estado liquidaría ás sociedades concesionarias de autopistas de peaxe pola perda de ingresos.

2.4 Asuma con cargo ao seu orzamento as obras de ampliación da capacidade da AP-9 recollidas no Protocolo asinado pola Ministra Ana Pastor con Audasa o 26 de decembro de 2012, evitando así a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018.

2.5 Garanta un tratamento favorable aos usuarios profesionais que utilizan a infraestrutura.

Do Grupo municipal de Compostela Aberta, rexistro de entrada día 19 de decembro de 2017, núm. 395:

EMENDA DE MODIFICACIÓN/TRANSACCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL COMPOSTELA ABERTA Á MOCIÓN PRESENTADA POLO PP PARA SOLUCIONAR A SITUACIÓN DUNHA FAMILIA RESIDENTE NA RÚA TOURO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, unha emenda de adición á moción do Grupo Municipal do PP (rexistro de entrada 364 con data 28/11/2017) para solucionar a situación dunha familia residente na rúa Touro:

Xustificación:

Dadas as competencias da Xunta de Galicia en materia de vivenda, propónse unha **modificación do acordo da moción**, engadindo os dous seguintes puntos:

- 1) Que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dote dun parque de vivenda pública suficiente e diverso: residencial comunitario e vivendas individuais e unifamiliares.
- 2) Que se dote ao IGVS dun equipo técnico social para a intervención e seguimento, coordinado cos servizos sociais comunitarios, para os programas de incorporación, aloxamento e inclusión en vivendas públicas.

Do Grupo municipal do Partido Popular, rexistro de entrada día 20 de decembro de 2017, núm. 396:

EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA NO CONCELLO DE TOURO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE O PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA NO CONCELLO DE TOURO**, co número de rexistro 361, de data 17 de novembro de 2017.

Propónse a substitución do texto resolutivo polo seguinte:

“O Pleno do Concello de Santiago insta á Xunta de Galicia a:

-Que se corrixa o proxecto tendo en conta as alegacións dos diferentes colectivos e informes técnicos, sendo sometido a unha nova exposición pública, co conseguinte período de alegacións, e que consten os seguintes puntos:

1.- A contía das garantías financeiras, detallando cales responden ao cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros, e cales, ao cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avais, etc.)

2.- Deberá incluír un detallado plan de avaliación de riscos derivados dos labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

3.- Tamén é preciso planificar dende o inicio da explotación mineira. o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o máis doada posible: así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.

4.- Eliminación da contaminación existente.

5.- Por último, o estrito cumprimento da lei de minería de Galicia.”

Do Grupo municipal do Partido Popular, rexistro de entrada día 21 de decembro de 2017, núm. 397:

EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE O CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS BÁSICAS DE ACCESIBILIDADE E NON DISCRIMINACIÓN

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSDEG-PSOE SOBRE O CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS BÁSICAS DE ACCESIBILIDADE E NON DISCRIMINACIÓN**, co número de rexistro 377, de data 13 de decembro de 2017.

Proponse a substitución do texto resolutivo polo seguinte:

“O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta a todos os poderes públicos a seguir avanzando no cumprimento dos obxectivos marcados na Leixeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social para alcanzar unha sociedade accesible universalmente”.

Do Grupo municipal do Partido Popular, rexistro de entrada día 21 de decembro de 2017, núm. 398:

EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA “EN DEFENSA DA DIGNIFICACIÓN PROFESIONAL DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS”

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA “EN DEFENSA DA DIGNIFICACIÓN PROFESIONAL DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS”**, co número de rexistro 386, de data 14 de decembro de 2017.

Proponse a substitución do texto resolutivo polo seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a desenvolver a Disposición Adicional 3ª da Lei de Emerxencias de Galicia e a redactar no máis breve prazo posible o Regulamento de bombeiro profesional de Galicia no que se recollan, previa negociación, as demandas

feitas polos profesionais dos servizos de prevención e extinción de incendios de Galicia (reclasificacións de persoal, homoxeneización dos servizos,...).

Segundo.- Instar ao equipo de Goberno a que previos os informes técnicos e xurídicos, estude e, no seu caso impulse, a reclasificación demandada polos profesionais dos servizos de prevención e extinción de incendios.

A moción que figuraba na orde do día, co número de rexistro de entrada 368, do día 11 de decembro de 2017, foi retirada en Xunta de portavoces, previa á celebración da sesión plenaria a petición do grupo propoñente da mesma, Compostela Aberta.

Na moción rexistrada co núm. 361, de data 17 de novembro do corrente ano, presentada polo BNG, de rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira no Concello de Touro, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (2 BNG, 10 CA e 3 PSdeG-PSOE) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Trasladar á Xunta de Galicia o rexeitamento da corporación a este proxecto.
2. Solicitar ao goberno galego a denegación da reapertura deste proxecto mineiro.
3. Demandar á Xunta de Galicia que obrigue ao titular da concesión á restauración dos solos e das augas, subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira.

Na moción rexistrada co núm. 364, de data 28 de novembro do corrente ano, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para solucionar a situación dunha familia residente na rúa Touro, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (3 PSdeG-PSOE e 9 PP) e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), acorda, instar ao correspondente órgano de goberno a que, en colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo e antes de que se adopte ningunha outra medida, se decida e materialice á maior brevidade unha das alternativas ofrecidas para facer posible o realoxo da referida unidade familiar e garantir así unha axeitada solución habitacional.

Na moción rexistrada co núm. 371, de data 12 de decembro do corrente ano, presentada polo grupo municipal do BNG, contra a suba das peaxes na AP-9, e despois de ser aceptada polo grupo propoñente a emenda presentada polo grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (2 BNG, 10 CA e 3 PSdeG-PSOE) e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Manifestar o rexeitamento á subida das peaxes na AP-9, instando á Xunta de Galiza a que demande a súa supresión.

2. Instar á Xunta de Galiza a que cumpra os acordos do Parlamento galego e demande do Goberno do Estado:

- A transferencia da AP-9 á administración galega.

- A supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.

- Recupere a redución das tarifas suprimidas polo Real Decreto-lei 20/2012, establecendo unha compensación que a Administración Xeneral do Estado liquidaría ás sociedades concesionarias de autopistas de peaxe pola perda de ingresos.

- Asuma con cargo ao seu orzamento as obras de ampliación da capacidade da AP-9 recollidas no Protocolo asinado pola Ministra Ana Pastor con Audasa o 26 de decembro de 2012, evitando así a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018.

- Garanta un tratamento favorable aos usuarios profesionais que utilizan a infraestrutura.

3. Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza, presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.

Na moción rexistrada co núm. 377, de data 13 de decembro do corrente ano, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre o cumprimento das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do BNG (3 PSdeG-PSOE, 10 CA e 2 BNG) e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda a adopción das seguintes medidas necesarias para garantir as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación:

1. Elaborar un calendario que sinale as actuacións que levarán a cabo en cada un dos próximos meses, en todos os ámbitos, para dar cumprimento ás condicións básicas de accesibilidade e non discriminación no acceso e utilización de todos os espazos, produtos e servizos que sexan competencia da Administración Xeral do Estado, co horizonte máximo de 1 ano. O Goberno presentará este calendario ante a Comisión das Políticas Integrais da Discapacidade.

2. Dotar, nos próximos Orzamentos Xerais do Estado, unha partida destinada a financiar as actuacións necesarias para cumprir cos compromisos derivados do devandito calendario.

3. Crear un Fondo estatal de accesibilidade universal polo cal, do orzamento executado en obra pública e infraestruturas e na sociedade da información, un 1% destínese á accesibilidade física e tecnolóxica das administracións públicas.

Na moción rexistrada co núm. 378, de data 13 de decembro do corrente ano, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para a equiparación salarial entre as diferentes categorías de persoal sanitario e non sanitario do SERGAS cos restantes servizos autonómicos de saúde, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de Compostela Aberta (3 PSdeG-PSOE e 10 CA), 2 abstencións correspondentes ao concelleiro e concelleira do BNG e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do Partido Popular, acorda expor nos próximos exercicios orzamentarios a progresiva equiparación salarial do persoal sanitario e non sanitario do SERGAS cos profesionais doutros servizos autonómicos de saúde, dando así resposta á unánime demanda que as organizacións sindicais que representan ao persoal sanitario e non sanitario do SERGAS levan máis de dúas décadas expoñendo.

Na moción rexistrada co núm. 386, de data 14 de decembro do corrente ano, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa da dignificación profesional do servizo de prevención e extinción de incendios, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar á Xunta de Galicia a que desenvolva por lei a homoxeneización dos servizos de prevención e extinción de incendios de todas as entidades locais de Galicia e a que redacte o regulamento do bombeiro profesional, creando a figura de bombeiro-conductor especialista -grupo C, subgrupo C1- que permita incorporar á antedita Lei Autonómica a reclasificación dos actuais bombeiros-condutores, -subgrupo C2- en bombeiros conductores especialistas -subgrupo C1-.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 21:25 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández